



ACTA DA REUNIÓN DO 14 DE DECEMBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MATERIAL AUDIOVISUAL.

PRESIDENTE:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

VOGAIS:

Dª. Concepción Burgo López
Vicesecretaria do Parlamento de Galicia

D. Juan Carlos Caride Puente
Letrado do Parlamento de Galicia

Dª. Carolina Costoya Pardo
Directora da Intervención Xeral e Asuntos Económicos do Parlamento de Galicia

SECRETARIO:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 12,30 horas do 14 de decembro de 2015, reúnen-se as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación para a subministración e instalación de material audiovisual.

Orde do día:

Punto primeiro.- Estudo a avaliación do informe técnico relativo a documentación presentada no sobre B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor).

Punto segundo.- Comunicación da avaliación obtida pola empresa en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

Punto terceiro.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

Punto cuarto.- De ser ocaso, proposta de requirimento de documentación á empresa licitadora.

Desenvolvemento da reunión:

Punto primeiro.- Estudo a avaliación do informe técnico relativo a documentación presentada no sobre B (Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor).

A Mesa de Contratación estuda o informe técnico elaborado polo Servizo de Tecnoloxías da Información no que se manifesta que logo de analizada a oferta presentada pola empresa Spica, S.L., e comprobado que cumpre sobradamente cos mínimos esixidos no

PPT, este servizo valora positivamente a documentación presentada polo licitador no seu sobre B.

A Mesa de Contratación asume, por unanimidade, o contido do informe técnico.

Punto segundo.- Comunicación da avaliación obtida pola empresa en base aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor.

O presidente informa que o 10 de decembro celebrouse a sesión pública de apertura do sobre "B" e posteriormente a documentación nel contida foi trasladada á unidade administrativa competente do Parlamento de Galicia para a súa valoración.

Comunica que, logo de analizado o correspondente informe técnico de avaliación efectuado por esa unidade, que asume a Mesa de Contratación, determínase que logo de analizada a oferta presentada pola empresa Spica, S.L., e comprobado que cumpre sobradamente cos mínimos esixidos no PPT, este servizo valora positivamente a documentación presentada polo licitador no seu sobre B.

Punto terceiro.- Apertura e exame da documentación incluída no sobre "C" ("Documentación técnica e relativa aos criterios avaliábeis de forma automática por aplicación de fórmulas").

O presidente invita a que se examine o sobre "C", se comprobe que se atopa pechado e nas condicións nas que foi entregado; informa que se poden efectuar as manifestacións ou observacións que se consideren oportunas antes de proceder á apertura do sobre pero que unha vez iniciada, non se admitirán interrupcións.

Procédese a continuación á apertura do sobre presentado. O secretario anuncia a oferta contida no sobre, que é a seguinte:

	Ofertado pola empresa
<i>Prezo excluído o IVE</i>	102.400,00 €
<i>IVE</i>	21.504,00 €
<i>TOTAL</i>	123.904,00 €

Garantía	Ofertado pola empresa
<i>Prazo ofertado a maiores do esixido nos pregos</i>	24 meses






Punto cuarto.- De ser o caso, proposta de requirimento de documentación á empresa licitadora.

Logo da análise do contido sobre C da única empresa concorrente a esta contratación a Mesa de Contratación constata que oferta económica (102.400,00 €, máis IVE) esta



dentro do orzamento de licitación, amplía en 24 meses o período mínimo de garantía esixido e, en xeral, cumpre os requisitos esixidos nos pregos, polo tanto acorda proporlle á Mesa do Parlamento de Galicia que requira a Spica, S.L. a presentación da documentación do apartado 7 da cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas para proceder, de ser o caso, á adxudicación do contrato.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,55 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente	 Concepción Burgo López Vogal
 Juan Carlos Caride Puente Vogal	 Carolina Costoya Pardo Vogal
	 Santiago González Serrano Secretario